

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 15 DE MAIO 2007**

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1. Informe do Reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dando conta aos membros do Consello de Goberno do Informe do 8 de maio de 2007 da Dirección General de la Función Pública da Secretaría General para la Administración Pública (Ministerio de Administraciones Públicas), sobre a interpretación que debe facerse da letra b) da disposición derogatoria única da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a respecto da xubilación dos funcionarios dos corpos docentes universitarios.

O Sr. Reitor tamén aproveita este punto da orde do día para dar resposta á cuestión formalmente plantexada sobre a cesión de instalacións da Universidade da Coruña aos partidos políticos, sinalando que a lectura do artigo 6 dos Estatutos da Universidade da Coruña pódese facer con carácter restritivo ou cun carácter máis aberto, sen complexos e sen exclusións fóra de tempo. Neste sentido, afirma o Sr. Reitor, o documento do Plano Estratégico no que se establecen a misión, a visión e os valores da Universidade da Coruña, que foi respaldado polo Claustro unanimemente, establece a obriga de formar «unha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común». Este compromiso, como é lóxico, non se contradí cos Estatutos da Universidade da Coruña, nin a letra nin no espírito, pois o que neles se demanda é que non se utilicen as instalacións da Universidade en actividades que contradigan os fins e a filosofía da institución. Os partidos políticos, coma os sindicatos, forman parte desa sociedade á que a Universidade da Coruña ten que abrirse. Non se pode estar predicando a imbricación coa sociedade para despois ignorar

as institucións a través das cales se canalizan na organización colectiva as inquiredanzas políticas, sociais, económicas e culturais desa mesma sociedade, pois é algo realmente incoherente. Non se require especial cultura política para entender que os partidos políticos e os seus dirixentes son institucións básicas do sistema democrático, e así o establece o artigo 6 da Constitución Española de 1978 cando afirma que «os partidos políticos expresan o pluralismo político, concurren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política». Conclúe a súa intervención o Sr. Reitor sinalando que o actual goberno da Universidade da Coruña ten unha visión positiva da actividade política e non ve por que calquera empresa, institución, asociación ou medio de comunicación pode realizar actividades nos campus e un partido político non, sempre que se faga seguindo os cauces regulamentarios correspondentes ¿Pode estar «Coca-Cola» no campus e non un partido democrático que dirixe ou aspira a dirixir unha administración local, autonómica ou estatal?

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa do seguinte. En primeiro lugar, do incremento no número de trens no apeadoiro Elviña Universidade, que é particularmente significativo na liña A Coruña-Ferrol-A Coruña, que pasa de 6 a 10-12 trens. Igualmente, neste primeiro apartado, dá conta de que, con data 13 de marzo de 2007, asinouse un convenio de colaboración con Renfe Operadora Media Distancia, polo cal os estudantes estranxeiros que estudan na Universidade da Coruña teñen un desconto do 20% sobre o prezo da tarifa base vixente, para o que deberán recoller a tarxeta de mobilidade estudantil na Oficina de Relacions Internacionais, sendo válida a mesma en calquer percorrido entre estacións pertencentes a nosa Comunidade Autónoma, así como nos trens con destino León. En segundo lugar, informa aos membros do Consello de Goberno de que, nos próximos días, vaise asinar outro convenio con Renfe polo cal esta empresa, entre outros aspectos, comprométese a aplicar descontos do 25% (en trens de alta velocidade) e o 30% (en trens de cercanías, media e larga distancia) sobre a tarifa base a todos os asistentes a congresos, encontros ou exposicións organizados pola Universidade da Coruña. En terceiro lugar, dá conta ademais de que, dende o pasado día 11 de maio e até o 8 de xullo, as aulas de estudo do Centro Universitario de Riazor e do Edificio de Apoio ao Estudo do Campus de Esteiro, abrirán todos os días da semana (sábados, domingos e festivos incluídos) até ás 2 horas da madrugada. Este horario, que se manterá nas mesmas condicións do 13 de agosto ao 23 de

setembro, retornará ao sistema habitual do 9 de xullo ao 12 de agosto. En cuarto lugar, igualmente comenta que, con data 12 de marzo de 2007, publicouse a convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís, cun orzamento de 38.500 euros, publicándose o 19 de abril de 2007, consonte a proposta da Comisión de Extensión Universitaria, delegada deste Consello de Goberno reunida o 18 de abril, a resolución da convocatoria. En quinto lugar, tamén dá conta da publicación o 19 de abril da relación definitiva de prazas de intercambio dentro do PROGRAMA SICUE para o curso académico 2007-2008, abrindose de seguido o prazo de solicitude das bolsas Séneca; e a respecto doutras convocatorias abertas, tamén quere salientar a Convocatoria de axudas da XUGA para o estudiantado que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos, e a Convocatoria de Premios Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia. E remata a súa intervención, informando da celebración, a finais do pasado mes de abril, do Forum Orienta 2007 no Pazo de Exposicións e Congresos en Santiago de Compostela, organizada pola Consellería de Educación en colaboración cas tres Universidades Galegas, e que destinouse a amosar a oferta do ensino superior en Galicia. A presenza da nosa Universidade materializouse en 5 stands, relativos un, propiamente do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante, a información xeral da UDC, e os catro restantes, adicados a amosar o noso amplo catálogo de titulacións nos ámbitos xurídico-social, humanidades, ensinanzas técnicas e ensinanzas experimentais e da saúde; ademais de 3 exposicións permanentes, respectivamente sobre Premios, Bolsas e Axudas da nosa Universidade, sobre investigación tamén na nosa universidade, e sobre ocio e cultura na nosa Universidade; e a realización dun importante número de actividades complementarias, consistentes en charlas breves, demostracións prácticas, simulacións e mesas redondas, nas que participaron diversos profesores, investigadores, persoal de administración e servizos e estudantes da nosa Universidade.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa aos membros do Consello de Goberno sobre tres concretas materias. En primeiro lugar, da última reunión da Comisión de Investigación da Universidade da Coruña, realizada o pasado 11 de maio, na que se emitiu informe favorable ás memorias presentadas polo Instituto Universitario de Estudos Marítimos e polo Instituto Universitario de Xeoloxía, sempre de conformidade co establecido para

tales efectos polo regulamento de creación, modificación e supresión de Institutos aprobado no seu día por este Consello de Goberno. En segundo lugar, das próximas convocatorias da Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia sobre cuestións relativas a recursos humanos, fomento da innovación empresarial, programas sectoriales, fomento da propiedade industrial e parte do programa de promoción xeral da investigación. E por último, da reunión extraordinaria da Comisión Sectorial de I+D da CRUE, realizada os días 16 e 17 de abril, onde por vez primeira se tivo coñecemento da fase na que se atopa a elaboración do novo Plan Nacional de I+D+I 2008-2011. Nesta reunión, e a respecto das Instalacións Singulares de Investigación, a Sectorial amosou a súa disconformidade coa marxinación que as universidades teñen padecido durante este proceso, e constatou o crecemento, sen precedentes, de trabas burocráticas na xestión da investigación, contradecendo o espírito dos sucesivos programas nacionais de I+D que, reiteradamente, teñen resaltado a necesidade de simplificar e axilizar o sistema, chegándose ao paradoxo de que, a pesar do forte incremento nos orzamentos de I+D+I, o malestar e o desánimo das persoas investigadoras vai en aumento. Precisamente isto último determinou que o Comité Executivo da Sectorial, da que forma parte a Sra. Vicerreitora de Investigación, teña solicitado unha entrevista co Sr. Francisco Marcellán, Secretario Xeral de Política Científica e Tecnolóxica, para tratar de atopar solucións eficaces a tales problemas.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e validacións executadas desde a última sesión do Consello de Goberno. Realizaronse imputacións por valor de 267.945,43 euros e validacións de expedientes por valor de 3.167.499,15 euros correspondentes.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen dá conta dunha serie de actividades culturais que se están a realizar dende a súa Vicerreitoría. Concretamente, da inauguración da exposición «En Transición» no edificio do Lerd; dos actos que se van facer tanto na cidade da Coruña como na de Ferrol por causa da celebración do día das letras galegas deste ano; e finalmente dunha nova edición do «Campus-Rock», cuxos beneficios irán destinados á Oficina de Cooperación e Voluntariado da nosa Universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa da publicación «Guía do cooperativismo en Galicia», cofinanciada pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e a Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. Trátase dunha publicación de sumo interese, sempre segundo o Sr. Vicerreitor, tendo en conta que economía social cobra cada día maior importancia.

## **2. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores**

**Apróbanse** por asentimento as actas das sesións ordinaria do día 9 de marzo de 2007 e extraordinarias de 29 de marzo e 26 de abril de 2007.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral informa dos 61 convenios que figuran no **ANEXO II**, clasificados en convenios marco (2), convenios específicos (un total de 45) e convenios para prácticas (un total de 14), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no citado **ANEXO II**, son **aprobados** por asentimento.

## **4. Liquidación do exercicio económico 2006**

Toma a palabra O Sr. Xerente para dar conta aos membros do Consello de Goberno da liquidación do exercicio económico 2006, cuxo contido rexistrou certas grallas na versión electrónica que inicialmente se ofreceu aos membros deste Consello de Goberno e da comunidade universitaria (en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>), que logo foron corrixidas. Despois de efectuar unha valoración xeral da liquidación, que entende boa polo seu equilibrio e porque por vez primeira, desde hai anos, non hai remanente afectado, dá conta dos principios nos que se basou a súa execución, que son o reflexo do sistema de elaboración dos orzamentos, na medida en que se procedeu a orzar de xeito realista sobre a base de equilibrar os ingresos e os gastos, a executar con rigor os orzamentos, a efectuar unha política de pagos áxil, de tal xeito que logrouse

obter na Universidade da Coruña unhas contas equilibradas e saneadas. Conclúe a súa intervención, unha vez explicado minuciosamente o contido desta liquidación, reiterando que se trata dunha liquidación boa e en equilibrio, que se debe a unha xestión orzamentaria prudente.

Despois das explicacións do Sr. Xerente, e sen rexistrarse nengunha intervención na quenda aberta de palabras, **áprobase** por asentimento a liquidación do exercicio económico 2006, localizable en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>).

## **5. Modificacións orzamentarias**

O Sr. Reitor concédelle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa aos membros do Consello de Goberno de certas modificacións orzamentarias en temas de investigación.

**Apróbanse** por asentimento tales modificacións orzamentarias.

## **6. Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística**

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de composición da Comisión de seguimento do Plano de Normalización, constituída o 29 de abril de 2005 para elaborar o Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña aprobado por este Consello de Goberno no seu día. Trátase dunha proposta na que se postula pola continuidade de todos os seus membros e pola incorporación de dous novos membros, que son a Sra. Lorenzo Modia, que substitúe ao Sr. Freixeiro Mato despois de ter asumido a dirección do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, e a Sra. Seoane Bouzas, que substitúe ao Sr. Doce Díaz.

Sen rexistrarse nengunha intervención na quenda aberta de palabras, **apróbase** por asentimento esta proposta de composición da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

## **7. Licenzas e permisos**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as solicitudes de licenza para os efectos de docencia e investigación para a realización de actividades investigadoras, informadas favorablemente pola COAP e formalizadas por Dna. Marta Penas Centeno e por D. José Luis Freire Nistal.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín para saber como se vai cubrir a docencia no caso destas licenzas. O Sr. Vicerreitor de Profesorado respóndelle sinalando que, en principio, vai ser suplida por profesores da área de coñecemento e do departamento, sen prexuízo de que, en determinadas ocasións, se poida contratar a alguén, aínda que isto último non soe ser o habitual.

**Apróbanse** por asentimento as licenzas en cuestión.

## **8. Cursos e Mestrados propios**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica toma a palabra para informar da proposta de mestrado propio en Bibliotecas Escolares. A Sra. Vicerreitora dá conta dos pasos seguidos pola Comisión de Estudos propios de Posgrao en relación concretamente con esta proposta de implantación do Mestrado en Bibliotecas Escolares, que, polo seu contido, está dirixido a todas aquelas persoas que teñan acceso a calqueira mestrado e tamén a persoas desempregadas. Finaliza a súa intervención, sempre en relación con este mestrado, indicando a Sra. Vicerreitora de Organización Académica que se está pendente dunha subvención da Consellería de Traballo, que probablemente será concedida, o que permitirá que o mestrado sexa practicamente gratuíto para quen desexe formalizar a súa matrícula.

**Apróbase** por asentimento a proposta de mestrado en Bibliotecas Escolares.

## **9. Premios extraordinarios de Licenciatura**

Segue co uso da palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica para dar conta aos membros do Consello de Goberno explica aos membros do Consello de Goberno a proposta de premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería técnica, enxeñería

e licenciatura correspondentes ao curso académico 2005/2006, que figura no **ANEXO III**, elaborada conforme ao procedemento establecido para tales efectos.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casteleiro Maldonado, quen se interesa sobre os premios desta natureza declarados desertos, considerando que talvez sexa necesaria maior información para evitar esta circunstancia. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica respóndelle indicando que poden ser varias as causas polas que algúns dos citados premios queden desertos, como pode ser, por exemplo, non reunir a nota esixida, téndose adoptado medidas flexibilizadoras neste sentido, tales como permitir que, a falta de expedientes de sobresaliente como nota media, poidan optar tamén a estes premios quen teña media de notable no seu expediente. A propósito da información, igualmente sinala a Sra. Vicerreitora de Organización Académica que no seu día se procedeu a dar a información necesaria, incluso abríndose unha segunda convocatoria.

**Áprobase** por asentimento a proposta de premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería técnica, enxeñería e licenciatura correspondentes ao curso académico 2005/2006, que figura no **ANEXO III**.

## **10. Oferta Libre Elección curso académico 2007/2008**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa detalladamente aos membros do Consello de Goberno da oferta de libre elección correspondente ao curso académico 2007/2008, que figura no **ANEXO IV**. Trátase dunha proposta elaborada de conformidade co procedemento habitual, na medida en que se abriu un prazo (do día 2 ao día 20 de abril) para que se fixeran as propostas das materias da oferta xeral de libre elección e tamén para que os centros ofertasen materias optativas dos planos de estudos vixentes que se ofertan ao estudiantado de cada titulación.

Despois da intervención da Sra. Vicerreitora de Organización Académica, ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, quen pregunta se o profesorado de cada centro ten coñecemento desta oferta, ao que a Sra. Vicerreitora de Organización Académica respóndelle indicando que sí. Tamén intervén o Sr. Valderruten



Vidal, quen suxire que debería haber maior información sobre a incompatibilidade destas materias e as das titulacións oficiais.

**Áprobase** por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta de oferta de libre elección correspondente ao curso académico 2007/2008, que figura no **ANEXO IV**.

### **11. Integración da Aula de Formación Informática (AFI) no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)**

Toma a palabra o Sr. Reitor para dar conta aos membros do Consello de Goberno da iniciativa de integrar fisicamente a aula de formación (AFI) no Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), que se xustifica na necesidade de dar cobertura administrativa necesaria, mais mantendo a súa estrutura en todo momento a AFI

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen se interesa polo asunto concreto da estrutura, afirmando que talvez sería máis axeitado que todo dependera do CUFIE, posto que sen isto a medida, que é moi positiva, sería incompleta, podendo ocasionar algunha que outra confusión no persoal de administración e servizos implicado ao respecto da súa dependencia. O Sr. Reitor respóndelle afirmando que a AFI estará fisicamente no CUFIE, mantendo súa propia especificidade e conservando tamén a súa dirección técnica, coa única finalidade de recibir o apoio, cando proceder, do persoal de administración e servizos do CUFIE.

**Áprobase** por asentimento esta proposta de integración da AFI no CUFIE, absténdose o Sr. Fernández López por entender que esta concreta maneira de proceder á integración non é moi clara e pode presentar problemas.

### **12. Aprobación plano estratéxico: Documento peudc\_d10**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen presenta ao Consello de Goberno, para a súa aprobación, o último documento do Plano Estratéxico 2005-2010 da Universidade da Coruña, PEUDC\_D10 (formalmente denominado Proxectos e accións e Programación plurianual e localizable en <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/peudc10.asp>). Na súa

intervención quere salientar tamén os cinco trazos máis característicos do plano, que son: 1) a transparencia, na medida en que sempre se garantiu a accesibilidade dos documentos finais e intermedios; 2) a minuciosidade, chegándose a formular un total de 24 obxectivos, 45 proxectos e 165 accións; 3) o consenso, posto que os documentos foron aprobados sen obxeccións; 4) a dinamicidade, porque se trata dun proceso vivo, e tamén longo, que se está a estender a centros, departamentos e servizos; e 5) a participación, na medida en que o Claustro, o Consello de Dirección, o Consello de Goberno e o Consello Social interviron moi activamente nos distintos documentos do Plano Estratéxico. Igualmente, o Sr. Vicerreitor dá conta aos membros do Consello de Goberno de que na elaboración dos documentos traballaron 10 Comisións, cun total de 92 membros, a Comisión de Estratexia, as Comisións do Consello de Goberno para as áreas de Docencia, I+D+i, e Relacións coa Sociedade, os Grupos de Debate (representantes dos Centros) e os Grupos específicos para cada unha das mesmas áreas. Remata a intervención salientando a participación como a principal virtude do Plano, polo que reitera o agradecemento a todos os participantes, que fai nominal na presentación visual.

A continuación, ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Delgado Martín, quen cuestiona que se non debería separarse a aprobación dos dous documentos que compoñen o PEUDC\_D10, por seren moi distintos, ao tempo que se interesa polo Centro en Dependencia e Terceira Idade, do que oíu falar na presentación pero non o atopou no documento. Tamén considera que o Plano é unha oportunidade perdida para o futuro da nosa universidade e o valora como algo pobre precisamente por estar construído sobre opinións, aparte de que só sexa unha folla. Entende que debería terse feita unha análise máis rigorosa, critica a falla de ideas que se manifesta na súa elaboración de abaixo para enriba e bota en falta a referencia á necesidade de persoal de administración e servizos, que aparece na Programación Plurianual, no documento PEUDC\_D9. Despois de preguntar polo destino do fondo de nivelación, remata a súa intervención indicando que non dá o seu visto bo a este documento e solicitando que a súa aprobación sexa por votación.

En resposta, o Vicerreitor sinalalle que o proceso de aprobación do Plano estaba determinado dende o Documento 0, e indicálle que o desenvolvemento do Centro en Dependencia e Terceira Idade aparece como unha das Accións do obxectivo “Desenvolvemento do Parque

Tecnolóxico” e tamén no Plano Xeral de Investimentos da Programación Plurianual (concretamente, na páxina 14). Considera que estas preguntas, xunto coas feitas por él mesmo no Claustro, poñen de manifesto, cando menos, en cinco cuestións concretas do contido dos documentos coas que non estaba familiarizado, descoñecemento que estima pouco compatible coa dureza dos xuízos emitidos. O Sr. Vicerreitor tamén lembra o longo proceso de análise e debate que rematou no Documento PEUDC\_D5, resumido no PEUDC\_D4\*, que incluíu a participación de 7 comisións, a posta a disposición delas de milleiros de páxinas de datos e estudos, a realización dunha enquisa de mais de 200 items á que responderon máis do 90% dos participantes, a elaboración de informes de análise das repostas, e a discusión nas diversas reunións das Comisións baseadas nestes documentos. Defende que a cantidade de información utilizada, a participación acadada e o nivel de minuciosidade dos resultados, tanto nesa fase como nas fases posteriores, son inusuais no contexto da universidade española, e outórgalles o valor adicional de seres o primeiro intento de Plano Estratéxico da UDC que se consegue rematar. Admite a elaboración de abaixo a arriba como unha opción consciente, baseada na convicción de que a falta de xerarquía e a descentralización da nosa institución aconsellan un Plano compartido, non imposto, aínda que o traballo estivo dirixido sempre pola Comisión de Estratexia, e considera que a intervención do profesor é pouco respectuosa co traballo das Comisións. Cualifica como falta de lealdade institucional a referencia á omisión da necesidade de PAS nalgúns documentos, xa que debeuse, entre outras razóns, á solicitude do propio interpelante. En canto ao fondo de nivelación, o Vicerreitor insiste sobre o seu carácter non finalista e lembra a dispoñibilidade na web dos orzamentos e liquidacións.

Igualmente, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa para falar do Centro en Dependencia e Terceira Idade, do que xa teñen coñecemento os distintos órganos colexiados da Universidade da Coruña, razón pola que considera de pouco sentido institucional a intervención do Sr. Delgado Martín neste aspecto. O Sr. Delgado Martín agradece as explicacións do Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, mais non comparte que a súa intervención teña pouco sentido institucional, porque él é membro do Consello de Goberno dende hai moi pouco e ten dereito a preguntar. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa non cuestiona o seu dereito a preguntar, pero considera que, como membro do Claustro, xa

debería ter información sobre o asunto, en tanto que o Claustro foi informado en todo momento da posta en marcha do Centro en Dependencia e Terceira Idade.

Tamén intervén o Sr. Rodríguez Fernández, quen desexa facer constar, como participante nas Comisións que elaboraron o Plano e nas que houbo unha actitude de participación dos seus membros, que se sinte ofendido pola intervención do Sr. Delgado Martín.

Atendendo á petición do Sr. Delgado Martín, procédese á votación do documento do Plano Estratéxico 2005-2010 da Universidade da Coruña, PEUDC\_D10, rexistrándose 30 votos a favor, un en contra e unha abstención, razón pola que queda **aprobado** polo Consello de Goberno.

### **13. Aprobación, se proceder, dos regulamentos de réxime interno da Escola Técnica Superior de Arquitectura e da Facultade de Humanidades**

Tras a intervención do Sr. Secretario Xeral, que dá conta dos dous regulamentos de réxime interno de centro que se someten á aprobación dos membros do Consello de Goberno cumprindo todos os trámites esixidos para tal fin, ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Fernández López, quen manifesta a necesidade de mellorar, por cuestións de estilo, a redacción de certos artigos do regulamento de réxime interno da Facultade de Humanidades, o Sr. Tasset Carmona e o Sr. Recuero Astray.

**Apróbanse** por asentimento os dous regulamentos de réxime interno en cuestión.

### **14. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra a Sra. López Fernández para interesarse sobre as previsións de convocatorias de distintas Consellerías da Xunta de Galicia, dado que a posta en marcha de moitos aspectos dos programas oficiais de posgrao depende de axudas de tales Consellerías. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, indícalle que están a piques de publicarse xa algunhas, non sempre pensadas para tales programas oficiais.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado para felicitar ao Servizo de Normalización Lingüística polo traballo de normalización do galego como lingua que está a facer a través dos seus vocabularios temáticos, e para solicitar, se for posible, o envío do vocabulario temático sobre matemáticas aos centros de ensino medio por ser de moita utilidade para os docentes encargados de impartir materias relacionadas con esta disciplina.

Toma a palabra o Sr. Pena Agra para tratar o tema dos criterios de elaboración dos planos de organización docente, sinaladamente os relativos aos proxectos de investigación que fosen avaliados en todo o relativo ás horas de traballo dos grupos de investigación, e tamén os relativos á tese de doutoramento. Remata a súa intervención con temas relativos á figura dos técnicos de laboratorio e á súa presenza na relación de postos de traballo na Universidade da Coruña, pois entende que talvez debería facerse mención nesta a ter coñecementos específicos para o desenvolvemento de determinado tipo de tarefas nos laboratorios. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado considera moi interesantes as apreciacións que fai o Sr. Pena Agra sobre os proxectos de investigación xa avaliados, por entender que é un bo criterio. Sempre en relación con este asunto, o Sr. Vicerreitor tamén sinala que agora o importante é fomentar neste apartado a investigación e que, máis tarde, se procederá ao estudo das medidas para incentivar a transferencia dos resultados. E tamén en resposta a súa intervención, toma a palabra o Sr. Xerente, quen indica sobre o tema dos técnicos de laboratorio que a relación de postos de traballo tense que aplicar tal e como está aprobada e que, precisamente por isto, agora non se poden pedir cousas tan específicas que non se contemplan nela.

Toma a palabra O Sr. Delgado Martín para poñer de manifesto que ten outra visión diferente a respecto da intervención do Reitor sobre o uso das instalacións da Universidade da Coruña previsto no artigo 6 dos nosos Estatutos. Conclúe a súa intervención solicitando, sempre que así sexa posible, o envío do borrador da actas do Consello de Goberno a aqueles centros onde haxa membros do Consello de Goberno, pois isto facilita a súa lectura.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas.